

LISTA DE ASISTENTES

- María José Moure Rodríguez
- David Patiño Vilas
- Fernando Cerdeira Perez
- Santiago Salvador Gimeno
- Alejandro Cadabón Figueroa
- José Francisco Asís Montero Reguera
- Carmen María Abreu Fernández
- Susana Álvarez González
- Manuel Fernández Cruz
- José Luís Gómez Reboiro
- Yoana González González

DESCULPA ASISTENCIA

- César Blanco Gómez
- María Ángeles Villar Lemos
- Ruth Dávila Segade

Acta da sesión ordinaria da Comisión de estudos do Centro de Posgrao e Formación Permanente da Universidade de Vigo do día 10 de abril de 2024, convocada para as 12.00 h na Sala Manolo Ramos do edificio Ernestina Otero e de forma virtual na sala de xuntas 1 do Centro de Posgrao e Formación Permanente do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

O día **10 de abril de 2024 as 12.05 h** deu comezo a xuntanza da Comisión de Estudos do centro, presidida pola Sra. Directora do Centro de Posgrao e Formación Permanente, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- Punto un: Aprobación, se procede da acta da reunión ordinaria do 6 de marzo de 2024.
- Punto dous: Informe da presidenta.
- Punto tres: Aprobación, se procede, de modificacións e cancelacións de títulos propios.
- Punto catro: Aprobación, se procede, da proposta de prezos públicos dos títulos propios para o curso 2024/25 para a súa posterior aprobación do Consello Social da Universidade de Vigo.
- Punto cinco: Aprobación, se procede, das propostas de títulos propios.
- Punto seis: Informe ao Consello de Goberno das propostas de máster de formación permanente.
- Punto sete: Aprobación se procede da proposta de regulamento de réxime interno do centro.
- Punto oito: Asuntos de trámite.
- Punto nove: Rogos e preguntas.

Punto un: Aprobación, se procede da acta da reunión ordinaria do 6 de marzo de 2024.

Os presentes aproban a acta por asentimento.

Punto dous: Informe da presidenta.

A presidenta informa sobre o éxito dos cursos de ciberseguridade vencellados á cátedra Incibe, nos que se matricularon 100 persoas, con máis de 400 prescricións.

Informa ademais do Plan de Microcredenciais, do que están pendentes as instrucións do novo goberno galego, dado que noutras partes de España xa iniciaron o seu desenvolvemento.

Por último informa da xuntanza que ten prevista a semana que ven nas Xornadas da Rede Universitaria de Posgrao e Educación Permanente, que esta vez se realizan en Murcia e do que ela é membro da xunta directiva.

Punto tres: Aprobación, se procede, de modificacións e cancelacións de títulos propios.

Apróbase a modificación de dous cursos, o primeiro trátase dunha solicitude de modificación dun docente do título de “Especialista en Industria Musical” no que se valora positivamente o currículo de Víctor Flores e o segundo é a solicitude de modificación dun docente do título “Dimensionamento de aparellos de alta tensión en subestacións eléctricas” no que se valora positivamente o currículo de Juan Cabello.

Por último, cancelase de oficio o curso de “Eficiencia enerxética para a rehabilitación de edificios” por non chegar o mínimo de solicitudes de prescrición. A presidenta informa que os anos anteriores este título non tivo problema para acadar o mínimo de prazas pero, dada a competencia que existe neste campo con moitas titulacións sobre o tema da eficiencia enerxética, é recomendable que o coordinador faga axustes para vindeiras edicións.

Punto catro: Aprobación, se procede, da proposta de prezos públicos dos títulos propios para o curso 2024/25 para a súa posterior aprobación do Consello Social da Universidade de Vigo.

A presidenta presenta a proposta de prezos públicos que ven revisada polo servizo de bolsas e prezos públicos, e que se basea no custo real das titulacións establecidos pola Xunta de Galicia.

Estes prezos son os mesmos que os aprobados no ano pasado con soamente dúas excepcións, a primeira relativa á redución do prezo dos duplicados dos títulos e o segunda á eliminación do pago fraccionado do PUM. Isto último ven motivado porque o custo é moi reducido e ningún outro título con prezos semellantes fracciona na Universidade de Vigo.

Dáselle a palabra aos membros da comisión e Carmen María Abreu, coordinadora do PUM, sinala que falara coa dirección do CEPFP sobre a posibilidade de incrementar nunha pequena cantidade o prezo do crédito nesta titulación. A presidenta informa que fixo un estudo pormenorizado do tema e veu que era máis dozo para o estudantado que o beneficio que tería para a universidade, especialmente cando este programa se imparte nos tres campus. Neste caso mencionou que o equipo de Goberno está en negociacións coas deputacións para que aporten algunha cantidade para as actividades de campo do PUM e con isto terían cuberta parte da necesidade.

Apróbase a proposta por asentimento.

Punto cinco: Aprobación se procede das propostas de títulos propios.

A presidenta amosa as táboas de avaliación que comprometeuse a facer desde a dirección do centro na reunión anterior e nas que se revisan os aspectos máis relevantes das propostas dos títulos. En base a estas táboas os membros da comisión poden facerse cunha idea rápida das cuestións mais importantes dos títulos.

Despois das explicacións da presidenta, foron aprobados por asentimento as seguintes titulacións propias:

1. Curso de formación universitaria “Minería de datos con R” (III edición)
2. Curso de formación universitaria “Estatística con `R´ para Investigadores” (III edición)
3. Curso de formación universitaria “Fundamentos de deseño técnico con Solidworks” (III edición)
4. Curso de formación universitaria “Leas e liortas na literatura española: Don Juan Tenorio, de José Zorrilla” (I edición)
5. Curso de formación universitaria “Catia V5 para o sector aeroespacial” (I edición)
6. “Especialista en Electrónica para Compoñentes de Automoción” (III edición)
7. “Especialista en Tradución para a industria do videoxogo” (III edición)
8. “Experto Escritura e Reescrituras Literarias da Idade Media” (II edición) xunto coa oferta do módulo “Corte e poesía en el otoño de la Edad Media en Castilla” como curso avanzado de posgrao.
9. “Experto en Tecnoloxías Respiratorias” (I edición)

A proposta do título de Catia V5 chegou moi axustado de tempo, motivo polo cal a documentación estivo pouco tempo a disposición da comisión. Despois da revisión pola dirección, sinala que aconsellouse ao coordinador un título máis descriptivo que explicara que o programa de deseño vai dirixido ao campo do sector aeroespacial. A comisión aproba por asentimento a proposta da presidenta.

Sinala tamén que o título de Especialista en tradución para a industria do videoxogo ven acompañado dunha proposta para o consello social da universidade para que lle faga un desconto aos alumnos do master de comunicación, xa que están simultaneando estas dúas titulacións.

No que atinxe a Experto en Tecnoloxías Respiratorias a presidenta destaca a excepcionalidade do cadro docente deste título, xa que neste campo de ciencias da saúde a universidade non dispón de profesorado experto e non se cumpre o mínimo establecido polo regulamento dos programas de formación permanente da Universidade de Vigo. Esta situación de excepcionalidade, prevista tamén no regulamento, xurde así mesmo no Máster en Enfermería Práctica Avanzada en Urgencias e Coidados Intensivos, da mesma área de coñecemento. Por outra banda, informa dos convenios de colaboración empresarial que vanse firmar en relación con este título de Experto. Ademais está xa asinado un convenio de colaboración coa Fundación Biomédica Galicia Sur, cunha aportación de 10.000 euros, coa finalidade de dotar con axudas ao estudo ás persoas que superen a formación.

Punto seis: Informe ao Consello de Goberno das propostas de máster de formación permanente.

A presidenta presenta os informes de avaliación de dous másters de formación permanente:

1. “Especialista/Máster de formación permanente en Auditoría e Contabilidade” (I edición). Este título xa foi proposto os dous anos anteriores pero non tivo matrícula suficiente para levalo a cabo. Con todo, o proposta é ofertalo de novo e valorar posteriormente a súa interese.
2. “Máster en Enfermería Práctica Avanzada en Urgencias e Coidados Intensivos” (I edición). Neste caso a dirección do CFPF leva moito tempo traballando co coordinador da titulación e o informe proposto é favorable. En todo caso, dada a elevada cantidade de docentes que ten a titulación, a presidenta propón facer un seguimento exhaustivo polo sistema interno de garantía da calidade; así por exemplo faranse enquisas a todo o estudiantado ao remate do primeiro cuadrimestre para ter información sobre a satisfacción coa docencia.

Os asistentes aproban por unanimidade os informes para elevalos ao consello de goberno.

Punto sete: Aprobación se procede da proposta de regulamento de réxime interno do centro..

A presidenta explica que foi enviado o regulamento aos membros para que puideran presentar achegas ou alegacións. A única recibida foi por parte de Manuel Fernández Cruz que propón:

Facer extensivo o establecido no Art. 13.1. (persoal dos sectores que poden ocupar os cargos) aos artigos 12.1, o 11.1 e, se non hai norma que o imposibilite, ao 10.1.

Dáselle a palabra a Manuel que explica a súa proposta. A presidenta considera que son cargos cun elevado perfil académico que traballan especialmente na avaliación e supervisión de titulacións universitarias e que deben asistir ao Director/a e suplilo/a en caso de ausencia.

Apróbase a proposta de regulamento por asentimento. A presidenta informa que a será enviada á asesoría xurídica e, se non hai modificacións substanciais, será elevada ao Consello de Goberno.

Punto oito: Asuntos de trámite

Despois das explicacións das circunstancias de cada caso pola presidenta, apróbanse as seguintes solicitudes:

1. Devolución do prezo de matrícula no Programa Universitario de Maiores de Gloria Pérez Prieto e Claudio Iglesias González.
2. Solicitud de cancelación parcial de matrícula no Programa Universitario de Maiores presentada por Pilar Barros Soto
3. Devolución do prezos de matrícula no título de “Especialista en Dereito Laboral e da Seguridade Social” motivada polos sucesivos cambios nas datas de docencia da titulación e presentada por Miguel Ángel Ruíz Albañil.

Punto Nove: Rogos e preguntas.

Por último xa que non xurde ningunha pregunta, a presidenta agradece a presenza de todos os asistentes e de novo a participación nesta comisión.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión as 13:35 horas do día 10 de abril de 2024, da que eu como secretario dou fe co visto e praxe da Presidenta da Comisión de Estudos do Centro.

A presidenta da Comisión de Estudos
do Centro de Posgrao e Formación Permanente

O secretario da Comisión de Estudos do
Centro de Posgrao e Formación Permanente

María José Moure Rodríguez

Alejandro Cadabón Figueroa